

**SESIÓN EXTRAORDINARIA
E URXENTE DA XUNTA DE
GOBERNO LOCAL DE DATA
VINTE DE XULLO DE DOUS
MIL DEZASETE**

No salón vermello da Casa do Concello desta cidade, a **vinde de xullo de dous mil dezasete**. Baixo a Presidencia do **excelentísimo señor alcalde don Xulio Xosé Ferreiro Baamonde** e coa asistencia da **tenente de alcalde dona María García Gómez** e do **tenente de alcalde don Alberto Lema Suárez**, así como das señoras e señores concelleiros **dona María Rocío Fraga Sáenz**, **don José Manuel Sande García**, **dona María Eugenia Vieito Blanco** e **dona Claudia Delso Carreira**, reuniuse, previa convocatoria regulamentariamente circulada, a Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar sesión extraordinaria e urxente en primeira convocatoria.

Asisten así mesmo don Miguel Iglesias Martínez, oficial maior, desenvolvendo a función do Órgano de Apoio á concelleira secretaria e á Xunta de Goberno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor xeral, don Juan Carlos Martínez Muñiz, director da Área de Apoio á Alcaldía e dona Marta García

**SESIÓN EXTRAORDINARIA Y
URGENTE DE LA JUNTA DE
GOBIERNO LOCAL DE
FECHA VEINTE DE JULIO
DE DOS MIL DIECISIETE**

*En el salón rojo de las Casas Consistoriales de esta ciudad, a **veinte de julio de dos mil diecisiete**. Bajo la Presidencia del **excelentísimo señor alcalde don Xulio Xosé Ferreiro Baamonde** y con la asistencia de la **teniente de alcalde doña María García Gómez** y del **teniente de alcalde don Alberto Lema Suárez**, así como de las señoras y señores **concejales doña María Rocío Fraga Sáenz**, **don José Manuel Sande García**, **doña María Eugenia Vieito Blanco** y **doña Claudia Delso Carreira**, se reunió, previa convocatoria reglamentariamente circulada, la Junta de Gobierno Local, al objeto de celebrar sesión extraordinaria y urgente en primera convocatoria.*

Asisten asimismo don Miguel Iglesias Martínez, oficial mayor, desempeñando la función del Órgano de Apoio a la concejala secretaria y a la Junta de Gobierno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor general, don Juan Carlos Martínez Muñiz, director del Área de Apoio a la Alcaldía y

Pérez, directora da Asesoría Xurídica; en funcións de colaboración e asistencia.

doña Marta García Pérez, directora de la Asesoría Jurídica, en funciones de colaboración y asistencia.

Da fe do acto a **concelleira-secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María Eugenia Vieito Blanco.**

*Da fe del acto la **concejala-secretaria de la Junta de Gobierno Local, doña María Eugenia Vieito Blanco.***

Asisten tamén os concelleiros da oposición dona Rosa María Gallego Neira (PP) e don José Manuel Dapena Varela (PSOE).

Asisten también los concejales de la oposición doña Rosa María Gallego Neira (PP) y don José Manuel Dapena Varela (PSOE).

Xustifican a súa ausencia os tenentes de alcalde don Xiao Varela Gómez e dona Silvia Cameán Calvete, así como o señor concelleiro Daniel Díaz Grandío.

Justifican su ausencia los tenientes de alcalde don Xiao Varela Gómez y doña Silvia Cameán Calvete, así como el señor concejal don Daniel Díaz Grandío.

Ás once horas e corenta e cinco minutos, a Presidencia declara iniciada a sesión, e pasa a tratar o seguinte asunto incluído na orde do día.

Siendo las once horas y cuarenta y cinco minutos, la Presidencia declara abierta la sesión, pasándose a tratar el siguiente asunto incluido en el orden del día.

402.-Ratificación da urxencia da sesión.

402.-Ratificación de la urgencia de la sesión.

Por unanimidade, en votación ordinaria, logo da explicación y xustificación para o efecto acórdase:

Por unanimidad, en votación ordinaria, previa explicación y justificación al efecto se acuerda:

Ratificar pola Xunta de Goberno Local a urxencia da sesión de conformidade co disposto no

Ratificar por la Junta de Gobierno Local la urgencia de la sesión de conformidad con lo

artigo 106.a) do Regulamento orgánico municipal e nos artigos 112 e 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2.568/1986, do 28 de novembro.

dispuesto en el artículo 106.a) del Reglamento Orgánico Municipal y en los artículos 112 y 113 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de noviembre.

**ÁREA DE CULTURA,
DEPORTE E
COÑECEMENTO**

**ÁREA DE CULTURA,
DEPORTE Y
CONOCIMIENTO**

Museos Científicos

Museos Científicos

403.-Adxudicación do servizo de atención ao público dos Museos Científicos a favor de Osventos Innovación en Servizos SL.

403.-Adjudicación del servicio de atención al público de los Museos Científicos a favor de Osventos Innovación en Servicios SL.

Trala exposición do asunto a concelleira da oposición dona Rosa María Gallego Neira intervéñe e solicita que conste expresamente en acta que pensa que este contrato vai dar problemas, que non está de acordo co procedemento e que sendo unha empresa constituída hai un ano non cre que estea garantida a solvencia polo que debeu informala a comisión negociadora.

Tras la exposición del asunto la concejala de la oposición doña Rosa María Gallego Neira interviene y solicita que conste expresamente en acta que piensa que este contrato va a dar problemas, que no está de acuerdo con el procedimiento y que siendo una empresa constituida hace un año no cree que esté garantizada la solvencia por lo que debió informarla la comisión negociadora.

O señor alcalde contesta que non son temerarios en ningún contrato e que a solvencia está informada e non constan advertencias de ilegalidade ao respecto.

El señor alcalde contesta que no son temerarios en ningún contrato y que la solvencia está informada y no constan advertencias de ilegalidad al respecto.

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente, e do que se dará traslado en todo caso xunto coa certificación/notificación do presente acordo en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro.-Adxudicar o procedemento negociado sen publicidade do contrato do servizo de Atención ao público dos Museos Científicos á empresa OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS SL (B70493275), de conformidade coa proposta formulada no informe previo emitido, por ser a súa proposición a que acadou a maior puntuación en aplicación da valoración establecida no Anexo IV do Prego de cláusulas administrativas particulares, e con suxeición ás seguintes condicións:

1. O prezo máximo do contrato é de setecentos vinte e oito mil catrocentos dezasete, con cincuenta e oito euros anuais (728.417,58 €), IVE incluído, pagadoiros na forma establecida

Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente, y del que se dará traslado en todo caso con la certificación/notificación del presente acuerdo en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

Primero.-Adjudicar el procedimiento negociado sin publicidad del contrato del servicio de Atención al público de los Museos Científicos a la empresa OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS SL (B70493275), de conformidad con la propuesta formulada en el informe previo emitido, por ser su proposición la que consiguió la mayor puntuación en aplicación de la valoración establecida en el Anexo IV del Pliego de cláusulas administrativas particulares, y con sujeción a las siguientes condiciones:

1. El precio máximo del contrato es de setecientos veintiocho mil cuatrocientos diecisiete, con cincuenta y ocho euros anuales (728.417,58 €), IVA incluido, pagaderos en la forma

no Prego de cláusulas administrativas particulares, con cargo á aplicación orzamentaria 50.3331.22701 do Orzamento municipal en vigor. O gasto máximo previsto para o exercicio 2017 é de 424.910,29 € (IVE incluído), 728.417,58 € (IVE incluído) para o exercicio 2018 e de 303.507,35 € (IVE incluído) para 2019.

2. O prazo de duración do contrato será de dous anos ou ata a formalización do novo contrato que será licitado por procedemento aberto.

3. O contrato rexerase polo establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas reguladoras da licitación e polo consignado polo adxudicatario na súa proposición, e deberá ser formalizado nun prazo non superior a 5 días despois do transcurso de 15 días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación.

Segundo.-O xefe do Servizo de Museos Científicos supervisará e vixiará xunto cos tres directores técnicos o cumprimento do contrato, proponendo a imposición de sancións e penalizacións e resolvendo as incidencias na súa execución.

establecida en el Pliego de cláusulas administrativas particulares, con cargo a la aplicación presupuestaria 50.3331.22701 del Presupuesto municipal en vigor. El gasto máximo previsto para el ejercicio 2017 es de 424.910,29 € (IVA incluido), 728.417,58 € (IVA incluido) para el ejercicio 2018 y de 303.507,35 € (IVA incluido) para 2019.

2. El plazo de duración del contrato será de dos años o hasta la formalización del nuevo contrato que será licitado por procedimiento abierto.

3. El contrato se regirá por lo establecido en el Pliego de cláusulas administrativas particulares y técnicas reguladoras de la licitación y por lo consignado por el adjudicatario en su proposición, y deberá ser formalizado en un plazo no superior a 5 días después del transcurso de 15 días hábiles desde que se remita la notificación de la adjudicación.

Segundo.-El jefe del Servicio de Museos Científicos supervisará y vigilará junto con los tres directores técnicos el cumplimiento del contrato, proponiendo la imposición de sanciones y penalizaciones y resolviendo las incidencias en su

ejecución.

Terceiro.-Anular o saldo por importe de 2.089,71 € neste exercicio, 3.582,42 € no exercicio 2018 e 1.492,65 € no exercicio 2019 na aplicación orzamentaria 50.3331.22701 do Orzamento Municipal.

Tercero.-Anular el saldo por importe de 2.089,71 € en este ejercicio, 3.582,42 € en el ejercicio 2018 y 1.492,65 € en el ejercicio 2019 en la aplicación presupuestaria 50.3331.22701 del Presupuesto Municipal.

Ao non haber máis asuntos que tratar, e ás once horas e cincuenta e oito minutos, a Presidencia remata a sesión e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía e a concelleira-secretaria da Xunta de Goberno Local; todo iso de acordo co disposto no artigo 126.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

No habiendo más asuntos que tratar, y siendo las once horas y cincuenta y ocho minutos, la Presidencia levanta la sesión, redactándose la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía y la concejala-secretaria de la Junta de Gobierno Local; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local.